

MEMORIA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

CURSO 2023-2024

Ao longo do curso 2023-2024, recibiron apoio por parte da mestra de Pedagogía Terapéutica un total de 21 alumnos e alumnas que contan cun programa de intervención. Ademais, e ao ser un apoio inclusivo dentro das aulas ordinarias, recibiu atención outro alumnado que presentaba dificultades de xeito puntual.

O alumnado con NEAE presenta dificultades de aprendizaxe asociadas a trastorno por déficit de atención, con e sen hiperactividade, e con e sen problemas de conduta, atraso de aprendizaxe asociado a historia escolar ou familiar, dificultades na adquisición da lectoescritura, atraso no desenvolvemento, descoñecemento da lingua, baixo nivel de competencia curricular e pouca autonomía.

ORGANIZACIÓN DOS APOIOS

Ao inicio do curso, en reunión do Departamento de Orientación, estableceuse un horario provisional co alumnado que xa recibira apoio o pasado curso e que continuaba presentando necesidades. Este horario e a distribución dos alumnos e alumnas modificáronse despois da avaliación inicial e das incorporacións dos mestres dos programas PROA+ e ACOMPAÑA.

O apoio realizouse dentro da aula ordinaria e/ou de xeito combinado; de forma individual ou en pequeno grupo, en función das necesidades ou características da sesión planificada, tendo en conta os programas de intervención deseñados para o alumnado con NEAE.

ACTIVIDADES REALIZADAS

-ÁMBITO LINGÜÍSTICO: conciencia fonolóxica (conciencia fonémica, silábica, léxica e semántica), adquisición dos procesos de lectura e escritura, razoamento verbal, conceptos gramaticais, ortografía, etc.

- ÁMBITO MATEMÁTICO: numeración, operacións de cálculo básico, razoamento lóxico, resolución de problemas e contidos de cada nivel.

-ÁMBITO SOCIO-EMOCIONAL: xestión das emocións, autocontrol, relacións interpersoais, autoestima, habilidades comunicativas.

- ÁMBITO COGNITIVO: habilidades cognitivas básicas e funcións executivas (atención, percepción- discriminación, memoria visual e secuencial auditiva, razoamento lóxico, orientación espacial e temporal, planificación, fluidez verbal, inhibición de conduta).

- ÁMBITO MOTOR: coordinación óculo-manual e grafomotora, esquema corporal, lateralidade, trazo e direccionalidade da grafía.

RECURSOS MATERIAIS

-Materiais para o cálculo lóxico-matemático: bloques lóxicos, bloques multibase, material manipulativo, dominó matemático, reloxo, regretas, tamgran, encerado...

-Materiais para o ámbito lingüístico: dominós, letras de madeira, sílabas soltas, láminas con imaxes ou pictogramas, libros móbiles para conciencia léxica, contos para realizar inferencias, programa de ortografía ...

-Materiais para o desenvolvemento psicomotor: pezas de ensartar, enroscar, encaixar, punzón, texoiras...

- Materiais para as habilidades cognitivas básicas: láminas, tarxetas de imaxes, fichas e xogos para a atención-percepción, razoamento verbal, secuencias temporais, fichas e xogos para razoamento, crebacabezas, memoris manipulativos,...

- Uso das TICs: Encerado dixital, ordenador , tablet.

COORDINACIÓN DO PROFESORADO

- Reunión inicial coa Orientadora e cos titores/as dos alumnos/as con NEAE co fin de establecer criterios comúns de actuación.
- Reunión semanal do Departamento de Orientación.
- Comunicación periódica e permanente cos titores/as.
- Coordinación coas familias a través da orientadora e/ou titor/a, dando pautas e solicitando a súa colaboración.
- Colaboración coa coordinadora do Plan de Benestar Emocional e Convivencia.
- Coordinación con gabinetes externos, xunto co titor/a e orientadora para intercambiar información sobre a evolución do alumnado.

AVALIACIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

Colaborouse no seguimento e avaliación do alumnado que recibiu apoio educativo específico nas sesións de avaliación trimestral.

Como instrumentos de avaliación, empregáronse a observación directa e sistemática, probas de nivel de competencia e folla de seguimento diario do alumnado para rexistrar os contidos traballados, dificultades, conduta ...

Ao final de curso, elaborouse un informe individual final segundo o anexo V da Orde de 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados que aparecen reflectidos na gráfica, corresponden ao alumnado que ten un programa de intervención.

NÚMERO ALUMN@S	APROBAN TODO	NON APROBAN TODO	PROMOCIONAN	NON PROMOCIONAN
21	15	6	21	0
PORCENTAXE	71%	29%	100%	0%

- 1º E. Primaria:

Recibiron atención tres alumnos/as, na aula ordinaria e na aula de PT, para traballar o desenvolvemento da conciencia fonolóxica, iniciación nos procesos de lectura e escritura, razoamento matemática e funcións executivas. Necesitarán continuar co apoio para o vindeiro curso. Recibiron 5 sesións semanais.

- 2º de E. Primaria:

Recibiron apoio, dentro da aula ordinaria, catro alumnos/as para traballar o desenvolvemento da conciencia fonolóxica, afianzamento dos procesos de lectura e escritura, razoamento lóxico-matemático e funcións executivas. Necesitarán continuar co apoio para o vindeiro curso. Un deles cursa con adaptación curricular significativa. Recibiron 5 sesións semanais. Promociona todo o alumnado.

- 3º E. Primaria:

Recibiron apoio tres alumnos/as, dentro da aula ordinaria e en momentos puntuais na aula de PT, para traballar a conciencia léxica, fluidez e comprensión lectora, expresión escrita, cálculo e razoamento. Na aula ordinaria, ademais de reconducir a conduta dun alumno con TDAH, o apoio estendeuse de xeito inclusivo a outro alumnado que presenta falta de atención e ritmo lento na execución das tarefas. No mes de abril, incorporouse un novo alumno de orixe ucraína. Continuarán co apoio o vindeiro curso. Recibiron 3 sesións semanais.

- 4º de E. Primaria:

Recibiron apoio dous alumnos/as, na modalidade mixta, para traballar a fluidez lectora, expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e razoamento. Continuarán co apoio o vindeiro curso. Recibiron 3 sesións semanais. Promociona todo o alumnado.

- 5º E. Primaria:

Recibiron apoio oito alumnos/as. Grupo con moitas necesidades por presentar dificultades asociadas a TDAH, problemas de conduta, baixo nivel de competencia, alumnado procedente do estranxeiro. Un deles presenta desfase curricular, entorno socio-familiar desfavorecido e desmotivación cara a aprendizaxe. Varios alumnos/as promocionan con algunha área pendente. Recibiron 5 sesións semanais.

- 6º de E. Primaria:

Recibiu apoio un alumno con NEE e reforzo inclusivo dous alumnos/as con baixo nivel curricular. Recibiron 1 sesión semanal.

DIFICULTADES ATOPADAS E PROPOSTAS DE MELLORA

Actitude pouco cooperativa por parte dalgún alumno/a e familia.

Aínda que xa contamos cun mestre de AL con carácter definitivo, é necesario un Orientador/a todos os días da semana na nosa escola. Dous días á semana é insuficiente para atender a todo o alumnado que precisa da súa intervención.